



NORMAS DE USO DA BIBLIOTECA PARA O CURSO 2020-21

Para este curso 2020-2021, seguindo as recomendacións protocolarias anti-COVID, a Biblioteca informa das seguintes medidas para o seu bo uso e correcto funcionamento:

LIMPEZA E DESINFECCIÓN

1. É obrigatorio **hixienizar as mans** con xel hidroalcohólico á **entrada** e á **saída**.
2. É **obrigatorio** o uso da protección facial estipulada (**máscara**).
3. Ó **rematar**, os usuarios **hixienizarán** o **posto ocupado** (mesa, cadeira e ordenador se se ocupa este último posto), utilizando solución hidroalcohólica e **panos desbotables** que estarán á súa disposición e se **tirarán** na **papeleira con tapa** situada na **entrada da biblioteca**.

ACCESO, CIRCULACIÓN E USO

1. A biblioteca terá un **aforo máximo de 16 persoas**, sen contar o profesorado de garda.
2. A **porta** permanecerá **aberta** durante o **tempo de uso**, para **evitar** ter que **tocala**.
3. **O alumnado só** poderá acceder durante os **leceres**, gardando sempre a distancia de seguridade.
4. Os **lugares** que se poden **ocupar** estarán **identificados** cun **adhesivo** de cor **negra e amarela**.
5. **Non** está permitida a **libre circulación** pola **biblioteca**, agás para acceder ós postos habilitados, **nin** o **acceso directo** ós **libros**, que deberán ser **solicitados** á profesora de garda.
6. As seccións de **xogos (xadrez)** queda **fóra de uso**.
7. Só se poderá utilizar **un dos dous ordenadores** empregados polo alumnado.
8. Para **estar** na **biblioteca** durante o **lecer**, hai que **reservar posto o día anterior**.

RESERVA DE POSTO:

O día anterior a ir á biblioteca, de **14:10 a 21:30**, o estudiantado fará a súa petición de reserva.

- A reserva para o luns farase o venres da semana anterior.

- No caso de que haxa días festivos, a reserva farase sempre o último día lectivo previo á estancia na biblioteca.

Para reservar posto:

- Hai que entrar na páxina web do Centro.
- Ir ó apartado *BIBLIOTECA*
- Ó subapartado: *Listaxe reserva diaria da biblioteca*
- Hai que cubrir os datos que se solicitan (nome, apelidos...) e enviar a petición.

Ó día seguinte, antes do lecer, o listado das 16 persoas que poderán ocupar os postos da biblioteca ese día estará exposto:

- No taboleiro do pasillo, ó lado da porta de entrada á biblioteca.
- Na páxina web do Centro.

Nese listado estarán as 16 persoas que teñen preferencia ese día, e os suplentes que, en caso de ausencias imprevistas, poden ocupar os postos libres.

PRÉSTAMOS E DEVOLUCIÓN

1. Este servizo realizarase da forma habitual. Pode empregalo todo o alumnado do Centro, durante os leceres dos 5 días da semana.
2. Para o **préstamo** de libros, o alumnado colocarase na entrada, na zona de pegatina do chan, e esperará ata poder acceder á mesa de empréstito, onde só poderá estar **1 persoa como máximo**. Unha vez feito o empréstito, debe saír da biblioteca.

Durante este curso, ademais de libros, poderanse levar en préstamo as **revistas Posío, Rañolas, National Geographic e Muy Interesante**.
3. Para a **devolución**, o alumnado colocarase na entrada, na zona de pegatina do chan, esperará ata poder acceder á mesa, onde só poderá estar **1 persoa como máximo**. Deixará os libros no **moble de devolucións** e sairá da biblioteca.
4. O material devolto, será deixado no moble habilitado para tal fin. Non volverá a estar dispoñible ata pasadas **24 horas de corentena**.
5. A **devolución** de libros realizarase de xeito persoal, **sen intermediarios**.
6. É imprescindible ser extremadamente **puntuais** coas devolucións e **respectar** escrupulosamente os **prazos**.

IMPORTANTE:

Todas as indicacións sobre aforos máximos, ocupación de mesas ou postos de traballo, distancia de seguridade mínima, corentena de material e demais normas de uso da biblioteca poderán ser obxecto de revisión ou cambios, seguindo a evolución da situación sanitaria e a actualización de directrices das autoridades competentes.

MANTÉÑENSE O RESTO DE NORMAS HABITUAIS DE USO DA BIBLIOTECA (silencio, estancia sen comida nin bebida...).